



PLAN DIGITAL

CPR VIVAS

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

O CPR Vivas (Colegio Vivas, S.L.) é un **centro educativo privado** homologado e concertado coa Xunta de Galicia. Este centro foi creado no ano 1935 contando o seu personal cunha ampla experiencia profesional e persoal ó ter acompañado a múltiples xeracións no seu proceso de ensinanza-aprendizaxe ó longo destes anos.

As nosas instalacións atópanse situadas no centro de **Vigo** (Pontevedra), concretamente na Rúa Príncipe número 17 e Policarpo Sanz 20, o que facilita o acceso ó centro pola súa proximidade coa Estación Marítima e numerosas liñas de autobuses urbanos e interurbanos.

A primeira autorización do centro data do 18 de xullo de 1935, e vense impartindo docencia dende dita data, a empresa Colegio Vivas, S.L., foi creada o 17 de setembro de 1993.

O 18 de xullo de 1935 concedeuse a primeira autorización oficial polo Ministerio de Educación e Ciencia, para impartir clases de bacharelato e posteriormente de E.G.B.

O 2 de decembro de 1974 adquire a condición de centro homologado para impartir clases de Formación Profesional de 1º Grado e o 17 de novembro de 1980 para Formación Profesional de 2º Grado, mantendo esta actividade ata actualidade.

As ramas de Formación Profesional nas que impartimos docencia son a de Administración e Xestión, Sanitaria e Informática e Comunicacions, contando coas seguintes autorizacións:

Autorizacións no turno diurno:

- Con concerto: 5 unidades de ciclo medio e 4 unidades de ciclo superior, correspondentes a:
 - CM Farmacia e Parafarmacia
 - CM Coidados Auxiliares de Enfermaría (LOXSE)
 - CM Xestión Administrativa
- Sen concerto: 2 unidades de ciclo medio e 2 unidades de ciclo superior, correspondentes a:
 - CM de Sistemas Microinformáticos e Redes
 - CS de Anatomía Patolóxica e Citodiagnóstico

Autorizacións no turno nocturno (sen concerto educativo):

Temos autorizadas 2 unidades de ciclo medio no concertado de Farmacia e Parafarmacia. y 1 unidade de cualificación profesional inicial de Servicios Administrativos.

O CPR Vivas ten espacio para dar cabida a 380 alumnos e alumnas no turno diurno, cantidade que pode acadar as 400 persoas coas repetidoras, ademais de 80 alumnos e alumnas no turno nocturno.

Actualmente dispón de 19 docentes (plantilla estable ó ter soamente unha persoa contrato temporal e tódalas demáis contratos indefinidos), 4 persoas para labores administrativas (contratación indefinida) e 2 persoas que realizan tarefas de limpeza (unha con contrato indefinido e a outra con contrato temporal).

No ámbito dixital, o centro educativo conecta co alumnado e coa cidadanía en xeral a través dos seguintes recursos:

- **Correo electrónico:** contacto@colegiovivas.com
- **Páxina web:** www.colegiiovivas.com
- **LinkedIn:** <https://www.linkedin.com/school/colegio-vivas/>
- **Youtube:** <https://www.youtube.com/user/ColegioVivas>
- **Facebook:** <https://www.facebook.com/people/Colegio-Vivas/100051090265107/>
- **Instagram:** <https://www.instagram.com/colegiovivas/?hl=es>
- **Servicio Feed de noticias:** <http://www.colegiiovivas.com/web2/rss.xml>
- **Aula virtual (Moodle):** <https://aula.colegiiovivas.com/login/index.php>
- **Google Classroom**
- **Otros servicios Google:** Drive, Gmail, Grupos, Docs, Formularios...
- **Servicios de videoconferencia:** Zoom, Jitsi, Webex, Skype, Meet.....
- **Otro servicios de comunicación interna:** lista correo colegio, lista correo por departamentos
- **Outros servizos de comunicación externa:** Grupos Telegram para alumnado/profesorado por módulos

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- **Situación socioeconómica e cultural do contexto do centro**

O CPR Vivas atópase situado no centro do concello de Vigo, que conta cunha poboación de 293.837 habitantes no Padrón municipal, segundo os últimos datos recollidos no Instituto Nacional de Estatística (INE) referidos ó 1 de xaneiro de 2021.

A contorna do centro é basicamente urbana, podendo falar dun distrito de clase media, con familias traballadoras e que forman parte do funcionariado público, o que inculca unha serie de valores e estilos de vida no noso alumnado. Ademais, contamos cun alto porcentaxe de alumnado doutras nacionalidades, que moitas veces se integran, a través da convalidación de titulacións

estranxeiras, dentro do sistema educativo galego. Algunhas destas persoas son descendentes de galegos e galegas que emigraron fóra, sobre todo a países de Latinoamérica. Con este alumnado atopamos a dificultade do descoñecemento do idioma galego.

A [idade media dos habitantes de Vigo](#) sitúase en 45,69 anos, polo que podemos afirmar que conta cunha poboación de mediana idade, que nos últimos anos aumentou pola inmigración internacional ([en 2021 acadou os 18.634 estranxeiros empadroados](#)) e sempre concentrou habitantes doutras poboacións cercanas que modificaron o seu domicilio pola facilidade que presenta vivir nunha cidade (maiores servizos principalmente), aínda que hai que sinalar que debido á pandemia derivada da Covid-19 unha pequena parte da poboación de Vigo decidiu modificar o seu domicilio a pobos circundantes, primando a tranquilidade no seu estilo de vida.

En canto ás familias do alumnado, atopamos que cada vez son máis as parellas nas cales as dúas persoas traballan fóra da casa, e tamén atopamos máis familias nas que houbo unha separación ou divorcio, e familias monoparentais.

En maio de 2022 o valedor do Cidadán, Luis Espada, presentou un estudo de indicadores urbanos de calidade de vida (referido o ano 2020), no cal se indica que Vigo e a súa contorna son as que teñen [maior nivel formativo de educación básica en toda Galicia](#), pois case a metade dos 544.135 habitantes da área acadaron esta categoría. Vigo tamén conta cunha [proporción de emprego na industria do 15,9%](#), que soamente é superada polos municipios que contan con máis de 200.000 habitantes en España por Elche, Xixón e Vitoria. Na contra, o espazo urbano destinado a zonas verdes é mínimo e a proporción de fillos por muller sitúase no 1,09, sendo a quinta peor cifra nos grandes municipios españois.

O concello de Vigo [publica trimestralmente información sobre a situación xeral do mercado laboral](#), con comparativa detallada e referencia ó xénero. No último boletín publicado, do primeiro trimestre de 2022, facendo referencia ó número de contratos rexistrados (non de persoas contratadas, pois unha persoa pode ter máis dun contrato). Para facernos unha idea da contorna do centro, referida ó lugar no que se sitúa, podemos destacar a seguinte información:

- Formalizáronse 31.939 contratos, case dez mil menos que durante o trimestre anterior, aínda que as contratacións de maneira anual foron en aumento dende o ano 2013 (coa excepción da época de inicio da Covid no ano 2020).
- O paro sitúase en 20.639 persoas, ascendendo en 586 con respecto ó anterior trimestre, pero de xeito anual obsérvase dende 2013 unha tendencia á baixa de maneira anual.
- O avance da contratación de mulleres en comparación coa de homes situouse no 47%, mostrando o paro unha maior incidencia entre mulleres (excepto no grupo de menores de 25 anos, que presentan un maior índice de contratación que os homes de maneira trimestral e anual).

- O número de contratos presenta maior incidencia no sector servizos (79,5%) e menor no sector agrícola (1,1%). A distribución dos contratos en sectores indica un marco productivo estable, con gran peso do sector servizos, cunha perda de peso na construción e coa industria aumentando a súa importancia.
- A última reforma laboral tamén está xurtindo efectos, xa que con respecto ó trimestre anterior os contratos indefinidos aumentaron un 115,3% e as conversións de contratos temporais a indefinidos un 43,2%. Os contratos temporais siguen predominando, pero xa se advirte un cambio nesta tendencia.
- O paro analizado por grupos de idade mostra como sector máis afectado o dos maiores de 44 anos (58,1%), despois as persoas entre 25-44 anos (38%) e os menores de 25 anos rexistrados como demandantes de emprego está situado no 3,9%. En xeral, dende o ano 2005, é visible a evolución negativa no paro de maiores de 44 anos, que contrasta coa maior empregabilidade que acadaron as persoas que teñen entre 25-44 anos.

Na cidade de Vigo destaca tamén o sector automobilístico, tanto pola fábrica de Stellantis (PSA), que foi fundada no ano 1958, como por tódalas empresas subsidiarias que atopamos en Vigo e na súa área de influencia. Ademais, o sector naval ten un gran peso, atopando diversas empresas dedicadas á construción, reparación e mellora de barcos como Fransico Cardama, S.A., Construcciones Navales P.Freire, S.A., o Hijos de J.Barreras, S.A.

A ubicación nunha gran cidade permite que o alumnado atope de xeito máis sinxelo oportunidades laborais, as cales incluso compaxinan en moitas ocasións cos estudos que realizan no centro (durante as tardes e/ou fines de semana). Esta situación privilexiada tamén permite que continúen os seus estudos, tanto realizando outros ciclos formativos como accedendo á Universidade.

- **Incardinación e contribución do Plan Dixital ó Proxecto Educativo. Relación con outros Plans e proxectos do centro**

O Plan Dixital é un instrumento para impulsar o uso responsable dos medios dixitais dentro da nosa comunidade educativa, polo que ten que ser afín e complementar ó Proxecto Educativo de centro. A finalidade do CPR Vivas é contribuir á formación integral do alumnado, facilitando a súa empregabilidade a través de coñecementos, aptitudes e actitudes profesionais e persoais, e dotando de competencias transversais como o uso das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC).

A comunidade educativa do CPR Vivas ven recoñecendo a importancia dos medios dixitais na formación do alumnado dende hai anos, sobre todo nos ciclos formativos de Grado Medio de Xestión Administrativa, e de Grado Superior de Administración e Finanzas así como de Desenvolvemento de Aplicacións Multiplataforma, pois é fundamental para o seu posterior rendemento laboral que

sepan manexalos. Nestes ciclos foi onde inicialmente se integraron as TIC, que foron expandíndose ó resto progresivamente, ata integralas como práctica diaria do centro. Podemos destacar como accións relevantes que se levan a cabo de xeito continuo as seguintes:

- Compra de equipamentos a través de fondos propios, tanto de ordenadores como de pezas para mellorar o seu rendemento (a última adquisición foron SDD ou Unidades en Estado Sólido para reemplazar os discos duros tradicionais e aumentar a velocidade dos equipos dispoñibles), de pizarras dixitais, proxectores en cada aula e outros.
- Posta a disposición do alumnado de ordenadores na Biblioteca do centro para que podan realizar buscas, actividades, etc.
- Fomento da formación do profesorado no uso de tecnoloxías dixitais que se leva a cabo tanto a través da bonificación de cursos (cos créditos asignados pola Fundae), como informando ó profesorado dos cursos activos na plataforma FProfe da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. Especialmente realizáronse formacións sobre Moodle, sendo algunhas impartidas por propio profesorado do centro, xa que é a plataforma utilizada co alumnado como Aula Virtual.
- Uso de plataformas para videoconferencias como Zoom e Meets, que se introduciron a raíz dos últimos cursos coa Covid-19, nos que se realizaron clases para todo o alumnado (no terceiro trimestre de 2020) e se retransmitiron as clases en directo para o alumnado confinado durante os cursos 2020/2021 e 2021/2022. Na actualidade, coa non obrigatoriedade de realizar aillamento durante o proceso da Covid-19 (excepto que presente sintomatoloxía e a autoridade sanitaria así o determine), mantemos as videoconferencias para realizar titorías fóra de horario de clases.
- Como xa se indicou ó inicio, o centro dispón de páxina web propia e diversas redes sociais nas que o profesorado está involucrado. Isto permite achegar o centro á comunidade que nos rodea, mostrar algunhas das actividades realizadas, compartir información de relevancia (como convocatorias de becas, programa Erasmus+, calendario escolar...) e recibir do exterior consultas e achegas (por exemplo, a través da páxina web do centro temos un formulario de contacto e un enderezo electrónico que permiten que nos cheguen consultas sobre os ciclos formativos, solicitudes de persoas para acoller estudantes en prácticas, ofertas de emprego...).
- O profesorado e persoal administrativo do CPR Vivas teñen un enderezo electrónico propio de empresa (@colegiovivas.com), que permite garantir nas súas comunicacións a profesionalidade do centro, imprimindo confianza no contacto con terceiros (por exemplo, no momento de xestionar a Formación en Centros de Traballo-FCT do alumnado, debido á cal se cruzan emails

continuamente con empresas). Ademais, o profesorado tamén ten acceso o enderezo electrónico corporativo da Xunta de Galicia (@edu.xunta.gal).

- **Contribución do Plan Dixital á Programación Xeral Anual do curso 2022/2023**

O presente Plan Dixital terá unha gran influencia á hora de realizar a Programación Xeral Anual para o curso 2022/2023, pois parte da análise das necesidades de cambio e mellora no centro, e busca o compromiso de toda a comunidade educativa para poder acadar os obxectivos plantexados.

As metas a acadar e actuacións a realizar veranse reflectidas na Programación Xeral Anual, que será elaborada a inicio de curso para planificar o seu desenvolvemento. Os obxectivos son globais para todo o centro e poranse en común dentro do claustro de profesorado os distintos métodos para acadalos, pero deixando marxe de actuación en cada ciclo formativo para que o centro e o profesorado escollan as mellores medidas para acadar os resultados especificados nos prazos previstos, tendo en conta as particularidades do alumnado específico.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Este Plan Dixital recolle as accións específicas que pretenden a mellora da competencia dixital na comunidade educativa do CPR Vivas. A finalidade é ser capaces de aplicar de maneira eficaz as competencias dixitais no proceso de ensinanza-aprendizaxe, na comunicación do centro co exterior e internamente na organización e xestión do mesmo, así como formar o alumnado para que acade as competencias necesarias para o seu desenvolvemento persoal e no mercado de traballo.

A elaboración deste plan permitiunos avaliar a situación de partida do centro en relación coas TIC, valorada polo equipo directivo, profesorado e alumnado, co que podemos extraer conclusións obxectivas, e a partir da mesma realizar unha actividade de autorreflexión para poder crear este documento que busca planificar a mellora da estratexia dixital no centro.

A normativa máis relevante que contextualiza a elaboración do Plan Dixital do CPR Vivas é a seguinte:

- **A Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio de Educación (LOE)**, que tivo coma última modificación a Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro (LOMLOE) indica:
 - Artigo 2, apartado 1, l): “La capacitación para garantizar la plena inserción del alumnado en la sociedad digital y el aprendizaje de un uso seguro de los medios digitales y respetuoso con la dignidad humana, los valores constitucionales, los derechos fundamentales y, particularmente, con el respeto y la garantía de la intimidad individual y colectiva”.

- Artigo 19, apartado 2: “Sin perjuicio de su tratamiento específico en algunas de las áreas de la etapa, la comprensión lectora, la expresión oral y escrita, la comunicación audiovisual, la competencia digital, el fomento de la creatividad, del espíritu científico y del emprendimiento se trabajarán en todas las áreas. (...)”.
- Artigo 40, apartado 1, “La Formación Profesional en el sistema educativo contribuirá a que el alumnado consiga los resultados de aprendizaje que le permitan (..): k) Preparar al alumnado en materia de digitalización en su sector productivo”.
- Artigo 42, apartado 3: “La formación profesional promoverá la integración de contenidos científicos, tecnológicos y organizativos y garantizará que el alumnado adquiera las competencias relacionadas con la digitalización, las habilidades para la gestión de la carrera, la innovación, el emprendimiento, la versatilidad tecnológica, la gestión del conocimiento y de su proyecto profesional, el compromiso con el desarrollo sostenible y la prevención de riesgos laborales y medioambientales y la responsabilidad profesional”.
- Artigo 102, apartado 3: “Las Administraciones educativas promoverán la utilización de las tecnologías de la información y la comunicación y la formación tanto en digitalización como en lenguas extranjeras de todo el profesorado, independientemente de su especialidad, estableciendo programas específicos de formación en estos ámbitos. Igualmente, les corresponde fomentar programas de investigación e innovación, impulsando el trabajo colaborativo y las redes profesionales y de centros para el fomento de la formación, la autoevaluación y la mejora de la actividad docente.”.
- Artigo 111 bis fai referencia específica ás Tecnoloxías da Información e Comunicación no proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- Artigo 121, apartado 1: “(...) El proyecto educativo del centro recogerá asimismo la estrategia digital del centro, de acuerdo con lo establecido en el artículo 111 bis.5.”.
- **A Lei Orgánica 3/2022, de 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional establece:**
 - Artigo 3, apartado 1: “El Sistema de Formación Profesional se desarrolla conforme a los principios de: (...) 1) Actualización permanente, adaptación ágil y detección proactiva y anticipatoria de los cambios y necesidades emergentes en los sectores productivos, en particular los asociados a la digitalización, la transición ecológica, la sostenibilidad ambiental, la innovación territorial, la salud y la atención a las personas.”

- Artigo 6: “Son objetivos del Sistema de Formación Profesional: (...) 5. La oferta de formación actualizada y suficiente, que incorpore de manera proactiva y ágil tanto las competencias profesionales emergentes, como la innovación, la investigación aplicada, el emprendimiento, la digitalización, la sostenibilidad y la emergencia climática, en tanto que factores estructurales de éxito en el nuevo modelo económico.”
- Artigo 13, apartado 1: “(...) A tal fin deberá incorporar contenidos culturales, científicos, tecnológicos y organizativos, así como contenidos vinculados a la digitalización, la defensa de la propiedad intelectual e industrial, la sostenibilidad, la innovación e investigación aplicada, el emprendimiento, la versatilidad tecnológica, las habilidades para la gestión de la carrera profesional, las relaciones laborales, la prevención de riesgos laborales y medioambientales, la responsabilidad profesional, las habilidades interpersonales, los valores cívicos, la participación ciudadana y la igualdad efectiva entre hombres y mujeres.”.
- Artigo 45, apartado 2: “Los ciclos de grado medio y superior tendrán estructura modular y constarán de: (...) Las administraciones competentes determinarán, en su caso, módulos profesionales optativos que profundicen en mayor grado en el desarrollo de las competencias transversales tales como, entre otras, profundización en digitalización aplicada al sector, profundización en iniciativa empresarial y emprendimiento, lenguas extranjeras y profundización en desarrollo sostenible aplicado al sector, o que aporten los complementos de formación general para facilitar el seguimiento del itinerario formativo individual tales como, entre otras, ampliación de conocimientos humanísticos, ampliación de conocimientos científicos-técnicos, o habilidades sociales.”.
- **A Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022 establece que “Os centros docentes elaborarán no curso 2021/22 o seu plan dixital de acordo coas instrucións que se diten.”.**
- **A Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022, no que se regula:**
 - A obriga dos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia de deseñar, elaborar e implementar o

Plan Dixital (sexa de aplicación efectiva no curso 2022/2023), tendo en conta unha serie de principios, obxectivos e referentes.

- O procedemento de deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital.
- A obriga de nomear un equipo de dinamización do Plan Dixital dentro do centro.

1.4. Proceso de elaboración

Ó longo do curso 2021/2022 o CPR Vivas participou activamente nas actividades organizadas dende a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, que se articularon a través da aula virtual do Adix Vigo 2. A persoa coordinadora do centro participou neste curso, recollendo a información facilitada a través de documentación, foros e videoconferencias, para posteriormente achegala o resto do equipo dinamizador do Plan Dixital.

As accións marcadas pola Consellería de Educación foron organizadas internamente entre o equipo de dinamización do Plan Dixital, a través de reunións presenciais e videoconferencias, así como utilizando o email.

Para a elaboración dos obxectivos do presente Plan Dixital fíxose participe a todo o claustro do profesorado, entendendo que é importante contar coa súa implicación e motivación para que a implementación durante o curso 2022/2023 sexa óptima. Así, o ter a oportunidade de participar na determinación deses obxectivos, a súa motivación aumentará ó entender que este documento tamén é parte do seu esforzo presente e futuro.

En liñas xerais, o procedemento que se seguiu foi o seguinte:

1. Análise inicial da situación do centro, a través do Informe SELFIE e do Test CDD (de Competencia Dixital Docente).
2. Diagnose da situación do centro, elaborando unha análise DAFO cos resultados obtidos na primeira fase.
3. Establecemento de obxectivos do Plan de Acción para o curso 2022/2023.
4. Elaboración do Plan Dixital para implementar o curso 2022/2023.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Neste apartado descríbense os sistemas dos que dispón o CPR Vivas (no propio centro e os servizos externalizados), e diversos test de uso e carga das redes e sistemas co obxectivo final de comprobar que o comportamento do sistema global sexa adecuado.

1. Test de velocidade de acceso a internet dende a rede interna do centro

Realizáronse dous test, o primeiro sen carga no centro (con pouco ou ningún persoal), e o segundo en hora punta (na primeira hora das clases, que é cando maior carga de acceso a internet hai, xa que se descargan apuntamentos, accesos a sistemas de asistencia, etc...). Ademais, realizouse outra proba en horario intermedio onde parte do alumnado está utilizando internet, pero non de forma exhaustiva.

As probas foron realizadas dende unha toma cableada de 100MB/s que é a normal en conexións a equipos finais. As interconexións entre switches actualmente son na súa maioría por toma gigabit.

O sistema de testeo de velocidade utilizado foi o proporcionado pola web: www.testdevelocidad.com

Proba 1: Velocidade sen carga no centro

Velocidade de subida de datos: 29MB/s

Velocidade de baixada de datos: 94MB/s

Latencia (ping): 14ms

Proba 2: Velocidade con carga máxima no centro

Velocidade de subida de datos: 28MB/s

Velocidade de baixada de datos: 83MB/s

Latencia (ping): 17ms

Proba 3: Velocidade con carga intermedia no centro

Velocidade de subida de datos: 28MB/s

Velocidade de baixada de datos: 90MB/s

Latencia (ping): 13ms

Como se desprende dos datos anteriores, a conexión a internet de calquera equipo conectado por cable no centro ten un comportamento máis que correcto incluso en momentos de alta carga onde baixan lixeiramente as condicións, pero sen ser malas en ningún momento.

2. Test de carga dos servizos externalizados

No centro temos as aulas virtuais externalizadas para un mantemento e acceso

máis efectivo por parte do alumnado. Aínda que a xestión sexa completa por persoal do centro (pois un dos docentes ten un contrato para realizar tódalas xestións sobre os dispositivos dixitais), os sistemas informáticos están contratados a empresas externas. En particular, o sistema de páxina web e aula virtual (sistema Moodle) están nun hosting que pertence a Dinahosting. A maiores, estivemos probando nos dous últimos anos o Google Classroom como posible sustituto do Moodle debido a súa, en principio, maior capacidade de alumnado como de facilidade de administración e mantemento. O claustro de profesorado xunto coa persoa encargada das ferramentas dixitais no centro, acordaron rexeitar o uso desta ferramenta como Aula Virtual para o alumnado, por ser moito menos potente e dispor de menos opcións que o Moodle. Quedou, iso si, para uso interno do profesorado e úsase esencialmente para manter unha “Sala de profesores” virtual.

I. Aula virtual mediante Moodle (e servidor web)

A aula virtual actual está instalada nun servidor que comparte espazo coa web principal do centro (www.colegiovivas.com). Trátase dun servidor virtual con Linux, unha VCPU de 4 núcleos, 4GB de RAM y 60 GB de disco duro SSD.

As estatísticas principais do último mes do servidor son:

a) Estatísticas de acceso do último mes (maio 2022)

Visitantes: 4478

Visitas: 9822


Páxinas accedidas: 317536

Hits: 508951


b) Resumo rendemento do servidor

	Valor actual	Valor recomendado	
CPU, carga media	● 9 %	< 70 %	Detalles
CPU, pico máximo	● 12 %	< 90 %	Detalles
RAM, valor actual	● 35 %	< 75 %	Detalles
Espacio en disco, valor actual	● 42 %	< 85 %	Detalles
IO disco, valor medio	● 0,29 %	< 50 %	Detalles
IO disco, pico máximo	● 0,57 %	< 80 %	Detalles
Tasa de transferencia, valor medio	● 0,09 Mbps	< 600 Mbps	Detalles
Tasa de transferencia, pico máximo	● 0,16 Mbps	< 900 Mbps	Detalles

c) Evolución da taxa de transferencia no último me (Saída vermello, entrada verde)



d) Evolución da carga media de CPU no último mes



e) Desagregación de uso de espacio e tráfico



Desglose

	Espacio	Tráfico
www	355 MB	27 GB
Correo	757 MB	21 MB
Bases de datos	6,63 GB	--
Carpeta raíz	24 GB	--
TOTAL	32 GB	27 GB

Espacio en disco


33 GB
Espacio usado | Media mes: 32 GB

Transferencia


27 GB de 90 GB
Tráfico utilizado

f) Evolución do espazo e do tráfico


Evolución espacio



Evolución Tráfico



g) **Carga de CPU e memoria en hora de chegada o centro (9:10h o alumnado conéctase todo á aula virtual entre as 9:00 e as 9:10 para acceder as actividades dese día)**




Hai que ter en conta que, aínda que os valores anteriores son en media, si hai picos de carga en instantes reducidos debido a gran afluencia de alumnado.

